



Concello de
Carballedo

IV CARREIRA POPULAR CARBALLEDO **"ENTRE CARBALLOS CENTENARIOS"**

Ven á IV Carreira Popular de Carballedo e disfruta dun percorrido único, comezando na vila de A Barrela e seguindo polos fermosos camiños que nos adentrarán no interior do concello gozando dunhas paisaxes únicas a carón de pequenos ríos e regatos que alimentan aos numerosos carballos e demais vexetación autóctona.

Por todo isto e moito máis, non dubides en achegarte a correr á IV Carreira Popular de Carballedo o día 9 de xuño!!!

Data: sábado, 9 de xuño de 2018

Hora:

Categoría de menores: 17:00h

Categoría absoluta: 18:00h

Lugar: A Barrela, Carballedo, Lugo

Distancia: dende 100 a 10000 m (distancia aproximada).

Organiza: Concello de Carballedo

Patrocina: Concello de Carballedo

Colabora: Xunta de Galicia, Deputación de Lugo, GDR5, Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, ICOS, Lácteos Xabelo, Produtos da horta Ruliña, Adegas Calexotes, Supermercado Estanco Claudio A Barrela, Restaurante Berrello, Centro deportivo-Ximnasio Arena, Peña Saltasebes, Vía Romana, Disaga Distribuciones, Cafetería Ponte dos Frades, Cafetería Casa Ballán, etc.

REGULAMENTO DA PROBA:

- Poderán participar na proba todos aqueles que o desexen.
- A saída e a meta estarán situadas na praza do concello en A Barrela Praza V. Portomeñe.
- Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. A non observancia desta norma implicará a descalificación dos atletas acompañados.
- O dorsal deberá estar sempre visible, colocado na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación nel.
- Na proba absoluta será obrigatoria a utilización do chip de cronometraxe subministrado pola organización excepto para os propietarios do chip amarelo que poden utilizar o seu. Este, debe estar atado á zapatilla ou no nocello, mediante unha cinta.
- Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá optar aos trofeos nin obsequios; tampouco estará amparada polos seguros da proba.
- O percorrido estará debidamente sinalizado en tódolos cruces e camiños mediante cintas plásticas, spray e/ou persoal voluntario.
- Os participantes obedecerán as instrucións dos membros da organización e dos controis de paso, tanto no inicio da ruta, como nos cruces nas estradas comarcais ou locais.
- É obrigatorio que cada corredor deposite o lixo nos lugares sinalizados pola organización, co fin de evitar ensuciar e degradar o medio polo que transcorre o itinerario.
- Deberase prestar auxilio a calquera participante que sufra algún accidente e informar no control máis próximo.
- Non se poderá obstaculizar voluntariamente a outro corredor.
- En caso de abandono, é obrigatorio avisar nun control ou a un membro da organización e facer a entrega do dorsal.
- Será de obrigado cumprimento a recollida de dorsais antes da hora de peche do stand habilitado para os efectos.
- Todos os participantes polo feito de inscribirse, aceptan a publicación tanto do seu nome coma da súa imaxe nas clasificacións da proba, nos medios de comunicación e na internet.
- A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.
- A organización disporá dos seguros pertinentes segundo a normativa vixente.
- A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.
- Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións.
- A participación leva implícita a aceptación do regulamento da proba.
- O descoñecemento deste regulamento non exime do seu cumprimento.

CARREIRAS:

→ CATEGORIAS DE MENORES

Disputaranse a partires das 17:00 da tarde nos arredores da Praza V. Portomeñe de A Barrela.

Establécense as seguintes categorías (masculinas e femininas) coas distancias (aproximadas) correspondentes:

CHUPETES: nados/as en 2013 e posteriores - 100 metros (17:00).

INFANTIL: nados/as entre 2012 e 2008 - 400 metros (17:10).

XUVENIL: nados/as entre 2007 e 2003 - 800 metros (17:20).

→ CATEGORIAS DE ABSOLUTA:

PROMESA: nados/as entre 2002 e 1998.

SENIOR<40: nados/as entre 1997 ata 39 anos.

MASTER 40: de 40 a 54 anos.

MASTER 55: de 55 anos en diante

INSCRIPCIÓNS:

Nesta cuarta edición da carreira popular de Carballedo, establécese un límite de 500 participantes no total das categorías (menores e absoluta).

- CATEGORÍAS DE MENORES:

Inscripción gratuíta on-line na páxina: www.championchipnorte.com

O prazo de inscrición remata o xoves 7 de xuño ás 24:00 horas.

A organización reservarase o dereito de non inscribir a quen non cubra correctamente os datos requiridos e, polo tanto, non deixalo participar na proba.

- CATEGORÍA ABSOLUTA:

Poderán inscribirse todos aquel@s atletas e afeccionad@s que o desexen, nados con anterioridade ó 2002.

Inscripcións on-line na páxina: www.championchipnorte.com

Inscripción gratuíta.

O prazo de inscrición remata o xoves 7 xuño ás 24:00 horas.

A organización reservase o dereito de non inscribir a quen non cubra correctamente os datos requiridos e, polo tanto, non deixalo participar na proba.

Os corredores empadroados en Carballedo deben deixar constancia disto para entrar na categoría de corredor local.

PERCORRIDO

A saída estará situada na Praza V. Portomeñe, seguiremos dirección Grupo Escolar para logo adentrarnos en camiños rurais de terra polos que transcorrerá a maior parte do traxecto, para voltar á vila e alcanzar a meta despois dun percorrido de 9,70 quilómetros.

ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS DE CRONOMETRAXE

Os dorsais e os chips de cronometraxe entregaranse o día da proba (9 de xuño) na Casa do Concello sita na Praza V. Portomeñe de 16:00 a 17:00 horas. Para a entrega dos mesmos é preciso presentar o DNI ou outro documento acreditativo.

PREMIOS

- CATEGORIAS DE MENORES:

- Tódolos participantes recibirán unha camiseta (suxeito á tallaxe dispoñible) e unha medalla conmemorativa.
- Haberá trofeo para os tres primeiros atletas (mascullinos e femininos) de cada categoría.
- Trofeo para o corredor/a de menor idade.

- CATEGORÍA ABSOLUTA: tódolos participantes recibirán unha camiseta (suxeito á tallaxe dispoñible)
(Os premios non son acumulables).

❖ PREMIOS Ó/Á MELLOR CORREDOR/A:

- Trofeo e premio en metálico para o primeiro (150€), segundo (100€) e terceiro (75€) atleta (mascullinos e femininos) que cruce a liña de meta.

❖ PREMIOS POR CLASIFICACIÓN:

- Trofeo e agasallo para o primeiro, segundo e terceiro atleta clasificado (mascullinos e femininos) en cada categoría.

PROMESA: nados/as entre 2002 e 1998.

SENIOR<40: nados/as entre 1997 ata 39 anos.

MASTER 40: de 40 a 54 anos

MASTER 55: de 55 anos en diante

❖ PREMIO Ó CLUBE/EQUIPO CON MAIOR PARTICIPACIÓN:

- Trofeo para o equipo/clube que inscriba maior número de atletas.

❖ PREMIO ÓS/AS DEPORTISTAS LOCAIS:

- Trofeo e agasallo para os deportistas locais (empadroados en Carballedo) que acaden o primeiro posto en masculino ou feminino.

❖ PREMIO Ó/Á CORREDOR/A DE MAIOR IDADE

- Trofeo para o corredor/a de maior idade.

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ATLETA

Estarán a disposición dos corredores as duchas do polideportivo municipal a carón das piscinas municipais.

Contarán con avituallamento durante a carreira para tod@s @s atletas

Establécese un límite de inscricións de 500 participantes.

** Ao rematar a proba, para todos os asistentes (corredores e público en xeral), degustación de balde dunha merenda con produtos da zona.

INFORMACIÓN E RESULTADOS

Os resultados da carreira popular estarán dispoñibles na páxina web oficial da proba www.championchipnorte.com

MAPA E PERFIL DA CARREIRA

